

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CANGAS

Subvencións e axudas

CONVOCATORIA DAS BASES DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO DO ANO 2017.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local do concello de Cangas, de data 03/07/2017 pola que se convocan subvencións destinadas o fomento do deporte federado para o ano 2017, polo procedemento de concurrencia competitiva.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publicase o extracto da convocatoria cuxo texto completo podera ser consultado na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans>).

Primeiro. Beneficiarios

Poderán solicitar esta subvención os clubs ou Entidades Deportivas Federadas con sede social no Municipio de Cangas e que figuren inscritos no Rexistro Xeral de Asociacións, Clubs/ Entidades Deportivas do Concello de Cangas que carezcan de fins de lucro e estean ao corrente coas obrigacións tributarias da Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda Galega, coa Seguridade Social e co Concello de Cangas, e non estean incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

Segundo. Obxecto

Subvencións destinadas ao apoio ás entidades e clubs deportivos sen ánimo de lucro na realización de actividades derivadas da participación en ligas ou competicións oficiais de ámbito comarcal, provincial, autonómico ou nacional, durante a tempada 2016/17 ou ano 2017.

Terceiro. Bases reguladoras

As bases reguladoras da concesión destas subvencións foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de xullo de 2017, dacordo coa Lei 38/2003, Xeral de Subvencións: Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (R.D. 887/2006, de 21 de xullo) e nas Bases de Execución do orzamento de Cangas para o ano 2017.



Luns, 31 de xullo de 2017

Núm. 145

Cuarto. Cuantía da axuda

Os créditos presupostarios aos que se imputa a subvención son os seguintes: aplicación orzamentaria 340.48 do orzamento do Concello de Cangas e a cuantía total máxima das subvencións convocadas é de 100.000 euros.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

20 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da devandita convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO).

Sexto. Outros datos

- Solicitudes e documentación: Cada entidade só poderá presentar a solicitude por una única actividade deportiva, en modelo normalizado e coa documentación establecida na base quinta.
- Criterios de valoración: Os establecidos na base novena da convocatoria.
- Gastos subvencionables: Os establecidos na base 1.2 da convocatoria.
- Compatibilidade: Si
- Forma de pago: Transferencia
- Forma de xustificación: Mediante a presentación da conta xustificativa, facturas e presentación de memoria, nos termos previstos na base onzava.
- Prazo máximo de xustificación: 01/12/2017

Cangas, a 28/07/2017

O Alcalde.—Xosé M. Pazos Varela.

Código seguro de verificación: R31784XB25EKB3CN

